

PROGRAMA TROULEANDO Aquapark Cerceda



Para o mes de xuño, dentro do programa TROULEANDO, propoñemos unha xornada no Aquapark de Cerceda, un parque acuático que dispón dunha ampla e variada gama de atraccións nas que pasar unha xornada de ocio con aquatubos, piscina de ondas, roaller coaster, tobogán de donuts, kamikaze, etc.

A actividade terá lugar o martes 28 de xuño, (os horarios de ida e volta do bus están no cadro da ficha de inscrición).

Poden inscribirse os/as mozos/as empadroados/as no Concello de Ames, dende os 12 anos cumpridos (nados en 2009).

Se queres participar cubre a ficha de inscrición e envíaa a omix@concellodeames.gal, o prazo para entregala é entre o **15 e o 18 de xuño**, e as prazas son limitadas (por orde de chegada ata completar as prazas dispoñibles).

Debes traer mochila con toalla, roupa de baño, chanclas, gorra, crema solar 50, máscara, e roupa de recambio. Os participantes deben traer a comida e merenda da casa, ou adquirila comprándoa no propio parque.

Será preciso contar cun mínimo de 20 mozos/as para desenvolve-la actividade, en caso contrario, o Concello de Ames, poderá anular a actividade. **Calquera dúbida contacta coa OMIX no teléfono 616083229 ou o correo electrónico omix@concellodeames.gal.**

Trouleando: Aquapark Cerceda

Nome e apelidos

Telf Data nacemento

DNI Correo-e

Enderezo:

PARADA BUS (X)	LUGAR E HORARIO APROX	ADULTO/A RESPONSABLE DA RECOLLIDA DO/A PARTICIPANTE MENOR Á VOLTA (de selo caso)
<input type="checkbox"/>	Pazo Peregrina Ida 10.30h Volta 21.30h	NOME E APELIDOS E DNI <input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	Casa Cultura Milladoiro Ida 10.45h Volta 21.15h	NOME E APELIDOS E DNI <input type="text"/>

Os participantes menores deben ser recollidos na parada polos pais/nais/titores-as ou representantes legais.

(Autorización paterna **SÓ** en caso de menores de idade)

D./D^a

DNI como pai, nai ou titor/a do/a solicitante autorizo ao mesmo/a a participar nesta actividade asino a miña conformidade e formalizo a presente inscrición.

Así mesmo AUTORIZO NON AUTORIZO ao Concello de Ames a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de sons deste evento organizado polo concello no que apareza o/a antedito/a participante, ben a título individual ou formando parte dun grupo. Poderán destinarse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Ames, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Asdo.

(solicitante maior de idade ou pai- nai- titor/a do/a menor de 18 anos)

Información relativa ao tratamento dos seus datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos achegados pola persoa solicitante é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica da Oficina Municipal de Información Xuvenil, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal, no interese público e no consentimento das persoas interesadas nestas actividades.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión á empresa que presta o servizo "TROULEANDO: Aquapark Cerceda"; se fose necesaria algunha outra cesión a terceiros, será previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES